


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

19-20 de xullo do 2025

XVI SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Na celebración de hoxe imos ver dúas actitudes necesarias na nosa vida de cristiáns para acercarnos a Xesús. Son as que teñen as irmáns Marta e María, cando acollen a Xesús e aos Apóstolos na súa casa.

Non deixan que pasen de largo, e ofrécenlle acollida e hospitalidade.

Ademais María tamén sabe escoitar. Séntase aos pes de Xesús e atende a súa Palabra.

Na nosa celebración, compartindo a mesa, todos somos acollidos por Deus, e queremos escoitar a súa Palabra.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Sabemos que os cristiáns temos que ser acolledores con todos e saber escoitar aos outros, pero non sempre o facemos, escudándonos nas nosas ocupacións e na falla de tempo, por iso hoxe pedimos perdón a Deus e aos irmáns, e queremos comprometermos:*

Monitor/a

- ✓ Comprometémonos a vivir no esforzo por escoitar aos demais aínda que moitas veces só desexamos que os demais nos escoiten a nós?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos a vivir dando pasos sendo a voz dun evanxeo moitas veces silenciado?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos a vivir na coherencia entre escoitar e actuar, entre as palabras e os feitos?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón, e das persoas que son rexeitadas por pensar, vivir ou crer diferente. A todos nos concede o Señor o perdón dos pecados, e a todos, por Cristo, confiamos que nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que nos preocupa de verdade e as necesidades das persoas e pobos que están á procura de acollida e comprensión.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, ten misericordia de nós, os teus fieis, e énchenos cos dons da túa graza.

Aviva en nós a fe, a esperanza e a caridade, para que gardemos sempre con fidelidade a túa palabra feita evanxeo.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A palabra de Deus que agora imos ler axúdanos a descubrir a que a nosa vida ha de estar asentada no “acoller e escoitar”.*

Acoller e escoitar pois son moitas as persoas que hoxe se sinten rexeitadas, son demasiados os muros erguidos, e non son poucas as violencias que afogan a paz deixando moitas vidas e moitos pobos no silenzo da morte.

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS COLOSENSES

Irmáns e irmás:

Agora alégrome do que teño que padecer por vós; así completo na miña carne o que lles falta ás penalidades de Cristo polo seu corpo, que é a Igrexa. Desta Igrexa fíxoseme servidor cando Deus me encomendou para o voso ben esta misión: predicar cumpridamente a palabra de Deus, ese misterio escondido desde séculos e xeracións, pero que agora se manifesta ao seu pobo santo. A este pobo quíxolle Deus amosar a espléndida riqueza que representa para os pagáns este segredo: ¡que Cristo, a gloria esperada, tamén é para vós! El é a quen nós anunciamos, aconsellando a todos, adoutrinándoos o mellor que sabemos para facer cristiáns coma é debido.

Palabra do Señor

🎵 **nº 55** *No colo da miña nai* **SALMO**

(*en pé*) *Lec I C páx 223* Lc 10, 38-42 **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, cando ían de camiño, entrou Xesús en certa aldea, e unha muller chamada Marta acolleuno na súa casa. Esta tiña unha irmá chamada María, que sentada aos pés do Señor, escoitaba as súas palabras.

Marta, en troques, estaba moi apurada co labor da casa; e achegándose a el, díxolle:

- Señor, non che importa que a miña irmá me deixe a min o traballo? Dille que me bote unha man.

Pero o Señor respondeulle:

- Marta, Marta, preocupaste e desacougaste con tantas cousas, pero soamente unha é a necesaria. María escolleu a mellor parte, e esa nunca se lle vai quitar.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

ACOLLER



ESCOITAR

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

ESTAMOS NA HORA DA IGREXA ACOLLEDORA

Acolledora coas familias que con agarimo coidan dos seus maiores na propia casa

Acolledora nas mans coidadoras das residencias da terceira idade

Acolledora con todas as persoas que están dando un moi bo exemplo nestas nosas terras

Acolledora nos avós e avoas que coidan de netos para que os seus pais poidan traballar

Acolledora nos veciños e veciñas que fan máis levadeira a vida da parroquia

Acolledora nas familias que apostan por vivir no rural aínda que sexan máis complicadas as posibilidades

Acolledora nos pobos que se doen e escandalizan porque a vida non vale nada cando se malvive na violencia

Acolledora en cada emigrante e en cada refuxiado que segue soñando con poder volver onde os seus na súa terra

Acolledora na natureza que necesita de todas as mans para chegar chea de vida á xeracións vindeiras

Acolledora en Os Cotos facendo unha parroquia de dez parroquias

ACOLLEDORA COMO NA CASA
DE MARTA E MARÍA,
NAQUELA PEQUENA ALDEA DE BETANIA

PROFESIÓN DA FE

***Celebrante** Despois de escoitar a Palabra de Deus damos resposta da nosa fe comprometéndonos a ser acolledores de verdade.*

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai que ama a todos sen diferenza e que desexa que escoitemos as palabras cheas de vida do seu Fillo Xesús?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús Cristo,

noso irmán, que nos convida a compartir á súa beira e que desexa de nós compromisos de evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus,

que nos alenta a colaborar escoitando a palabra do evanxeo, e escoitando as voces de tantas persoas esquecidas na pobreza, na fame, na emigración, na guerra, nos abusos, na violencia sen sentido?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,

comunidade que necesita das nosas mans e dos nosos esforzos, para sermos persoas comprometidas coa PAZ?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Co bo exemplo das palabras e dos feitos de Xesús queremos ser coherentes. Pousemos nas mans de Deus Pai as nosas pregarías. Digamos*

Señor da vida, escoita a nosa oración

Monitor/a:

- ✓ Pedimos para que entre todos construíamos unha Igrexa acolledora, agradecida, e sempre atenta e disposta a escoitar e comprometerse para facelo mellor, oremos
- ✓ Pola nosa comunidade de Os Cotos, para que valoremos a oración comunitaria, a escoita da palabra, a participación na mesa do pan como fonte de compromiso co mundo: na familia, no barrio, no traballo, ... oremos
- ✓ Por todas as persoas que hoxe ninguén quere escoitar, polas que se senten marxinadas, polas que viven en soidade, polas que non ven respectada a súa dignidade, oremos
- ✓ Pedimos por todas as persoas que se atopan tiradas por culpa dos camiños da soidade, do racismo, da violencia de xénero, dos abusos ou do fanatismo, para que non lles falten as nosas mans, oremos

Celebrante: *Señor, neste noso mundo dividido queremos mostrar o teu amor. Fainos comunidade de crentes capaces de aventurarse no teu camiño de facer igrexa de fogar. Por Cristo, Noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Sabendo que o Pai Deus nos acolle e escoita as nosas pregarías, dicímoslle confiados a oración que nos ensinou o mesmo Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A paz empeza por escoitar e acoller a todos. Trátase dunha maneira de vivir.*

Acollendo e escoitando gañamos todos: uns porque descubren que os demais os respectan e os tratan con tolerancia, outros porque así atopan unha man que lles axuda a medrar e a saír adiante na vida.

Sexamos agora nós xentes de paz.

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Somos comunidade de fe compartindo ao arredor desta mesa. Participar hoxe é porque Xesús acóllenos sen distincións para que aprendamos que todos somos necesitados do seu EVANXEO, sen esquecer que se nos esixe coherencia nas palabras e nos feitos. Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abunda para me salvar

🎵 **Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, ti aliméntasnos cos teus dons, para que a forza do teu amor encha de alento o noso corazón e así sexamos capaces de facer realidade o evanxeo que o teu Fillo nos deixou.

Acudimos a Ti, noso Pai, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

O exemplo de Marta como persoa acolledora chámamos a facer nós o mesmo.

O exemplo de María escoitando a Palabra de Xesús móstranos como temos que abrir o corazón ás necesidades dos demais.

Deus e os demais esperan de nós que os saibamos acoller, e escoitar as súas necesidades para intentar dar voz e vida aos camiños da paz.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus



**“Marta, Marta,
preocúpaste e desacógaste con tantas cousas, pero ...
María escolleu a mellor parte,
e esa nunca se lle vai quitar”**

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe